

Déspotas insensatos,
Forxá, forxádo grillos!
Pode oprtnir o ferro,
Un corpo enfracuecido
Mais as nobres ideas,
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extingüíse!
Eduardo PONDAL

A Nosa Terra

PERIODICO GALEGO

¡Bárbaros!
Las ideas no se matan!
DOMINGO F.
SARMIENTO

Año XXX

★ BOS AIRES, FEBREIRO DE 1945

★ Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

★ Núm. 435

EDITORIAL

El Deber del Momento

La guerra toca a su fin. Alemania, y con ella los demás países totalitarios, no tardarán muchos meses más en rendirse. Los regímenes totalitarios están en la agonía, y sólo quedará de ellos un recuerdo amargo y aleccionador, para los pueblos y para las democracias. Un nuevo orden, más democrático, más justo y más humano se avecina en la martirizada Europa y en todo el mundo. El régimen falangista de España, no tardará en derribarse, si nos atenemos a la famosa Carta del Atlántico, puesta nuevamente sobre el tapete por los "tres grandes" en la conferencia de Yalta.

España, claro está, no quedará al margen de toda esta renovación de valores políticos, sociales, morales y económicos. España, más que ningún otro país europeo, necesita una absoluta renovación total. El que no lo comprenda así, está profundamente equivocado. No es suficiente la recuperación de la República; es una imperiosa necesidad darle a ésta el contenido político y social de que careció la del 31. Y si se desea hacerla eficaz, y llenar las aspiraciones autodeterministas de una gran parte del pueblo español, es preciso organizarla en régimen Federal.

Si ello no ocurriese, si Galicia no conquista en la nueva España sus derechos de pueblo diferenciado y con ello los medios de resolver sus peculiares problemas económicos y culturales, entonces sí se habrá perdido el tiempo y tendremos que seguir luchando con la misma intensidad y con el mismo fervor, y quizá con la agresividad que producen las pretericiones y el rencor de los desengaños, hasta lograr nuestro objeto.

Creemos, abrigamos la firme esperanza de que el buen sentido se impondrá al fin, a despecho de algunos políticos republicanos que viven, aún, en los tiempos añejos de "la Gloriosa" y una nueva estructuración de España se hará de acuerdo a módulos históricos, económicos y culturales, que favorezcan el progreso, la espiritualidad y el bienestar de un importante sector del pueblo español.

El deber del momento de los gallegos emigrados es estar con Galicia, para luchar por el logro de sus viejas aspiraciones autonómicas; para apoyarla, con alma y vida, en el trance histórico que se avecina y para que nuestra patria figure con honor, entre los pueblos más dignos y adelantados, no sólo de España, sino del mundo.

Morreu a Nai de Castela

O cable, que tan poucas novas nos traí da nosa Patria, desta vez, como "curisco que tolle", espárexu pol-a nosa colonia a friaxe que sempre acompaña as máis noticias: Alá en Rianxo, envolventa nas merguranzas da Galiza marterizada e cuberta sua alma pol-a dór e os anseios de apertas do fillo ausente, morreu a Nai de Castela.

Muller coas virtudes propias da raza, foi Dona Xoaquina Castela Gemme de Rodríguez; pero, ademais, ela, escolleita pol-o destino para parir ao home máis representativo da Galiza contemporánea, tiña para os gallegos un simbolismo de santidad patriótica: ¡Era a Nai de Castela! E Castela é a dór, a ledicia e a esperanza de Galiza.

Por iso, a toda a Galiza pensante, a toda a Galiza emigrada abrangue o loito de Castela. Porque este home primeiro de todo é irmán entrañable dos fillos da Patria Galega.

¡Castela! Do fondo da alma de Galiza emerge un mensaxe de quentura maternal para ti: TODA NAI GALEGA É TUA NAI.

CONDOENZAS RECIBIDAS

De México, Cuba, Venezuela, Colombia, Chile, Brasil e Uru-

guai, recibiu o noso benquerido irmán Castela, condoenzas de prestixiosas persoalidades galegas, vascas e catalanas, e portuguesas do Brasil.

Enviáronlle sentidos pésames milleiros de gallegos residentes na Arxentina e, con tal motivo, fixéronse presentes no seu domicilio centos de amigos persoas.

Oficialmente, por meio de espresivas comunicacións, fixeron chegar a sua congxa o Centro Galego de Buenos Aires, Centro Ourensán, Centro Pontevedrés e o noso estimado colega "Galicia", órgano da Federación de Sociedades Galegas, e a "Irmandade Galega". Tamén as organizacións catalanas e vascas desta cidade, así como os seus persoeros representativos apersoaron o seu agarimo a Castela neste intre de loito.

A NOSA TERRA, enteiramente identificada en todolos vaivéns da vida co pensamento e a labouira patriótica de Castela, sente como ferida propia a recibida pol-o entrañable irmán e líder do galeguismo.

A sua virtuosa muller, Dona Virxinia, as suas irmáns (en Galiza) enviámoslle o noso máis quente agarimo nesta hora de tristura.

AOS SOCIALISTAS GALEGOS

Fai catro meses que con este mesmo título demos aviso do rexurdimento socialista en Hespaña. Dixemos que o Partido Socialista Obreiro Hespañol e a Unión Xeral de Traballadores acababan de resucitar, potentemente orgaizados, coa súa primeira e orixinal fisonomía, libres de advenedizos e perturbadores, dispostos a revalorizaren os principios básicos do seu programa oficial e vixente. Denunciamos de paso a prevaricación dos líderes socialistas eisilados, que se aferran á Constitución do 31 e fan gala d-un centralismo cerril. Asegurámolle aos gallegos socialistas que figuran no coro adulator de quen odia a Galicia e non perde ocasión de aldraxala, que a súa aitude non somentes delata unha traición á patria natural senon tamén ao partido que fundou Pablo Iglesias. Eso dixemos nós, en amparo dos ideaes que sustentou en vida o noso mártir Xaime Quintanilla; pero agora podemos atestar o que nós dixemos pol-a nosa conta, con verbas autorizadas e absolutamente responsables dos propios socialistas.

Acabamos de recibir un folleto informativo, editado polo Comité Central Socialista de Euzkadi, dado a luz en México, con data 31 de autoño do 1944. A portada reproduce o faísamil dos periódicos socialistas que clandestinamente circulan por Hespaña. O título do folleto di así: "LOS SOCIALISTAS EN ESPAÑA ESTAN UNIDOS. Voces que son mandatos. Un alto exemplo para los socialistas en el exilio". Compre avisar que o dito Comité é o único organismo no desterro que está conecitado co movemento socialista do interior, e como proba de tal aserto podemos engadir que a Comisión Ejecutiva do Partido Socialista obreiro Hespañol utilizou a vía vasca para comunicarse con Indalecio Prieto e Fernando de los Ríos. Os socialistas de Hespaña afirman cousas como estas: "...No estamos dispuestos a aceptar el regreso de hombres que a su llegada planteen en la vida interior de nuestro hogar cuestiones que afecten a la unidad..." "Hemos de afirmar que la resolución de todos los socialistas de Euzkadi y de España es de no tolerar división alguna: quién no se halle a gusto en nuestro Partido que levante bandera..." fuera en absoluto, ocupando nuevas posiciones al margen de nuestro programa y de nuestro encuadramiento. Que satisfagan su ambición y egolatría en otros climas políticos..."

Nós coñecemos i estimamos a lealdade de moitos socialistas gallegos; pero aínda eisen e abandon os desleigados, que, para selo, invocan o seu socialismo, co que demostran que nin son bós gallegos nin bós socialistas. Para estes desleigados copiamos un anaco do folleto: "Los socialistas vascos no concebimos que podamos ayudar a los socialistas de otros pueblos en el logro de sus deseos de fraternidad, si en Euzkadi andamos a la greña con nuestros hermanos, que — si bien no todos comparten los ideales socialistas —, sienten inquietudes por el mejoramiento espiritual y económico del pueblo vasco. Tampoco comprendemos que la cordialidad pueda ser absoluta con otros pueblos, si las relaciones son presididas por la incompreensión o por la imposición: negación de la libertad". Pero aínda son máis explícitas as verbas dos vascos socialistas do interior: "Aquí laboramos, sin pensar en riesgos personales, por Euzkadi, y sabemos que al hacerlo [ponemos] muy alto el nombre del Partido Socialista Obreiro Español, porque nuestro sentimiento, n/uestra emoción vasca, no es incompatible con el afán de alcanzar para España una prosperidad y una grandeza cuyo ejemplo lo sabrá dar nuestro pueblo".

Para que se vexa con cantarazón quixemos avisar do seu erro aos socialistas gallegos, imos copiar, de seguida, o deradeiro treito do folleto, que se refire á nova estructuración de Hespaña:

"Los socialistas que en el exilio suspiran por la Constitución del 31 se alejan de la realidad española y están, inconscientemente, haciendo el juego a quienes tienen interés en que el Partido Socialista cometa graves errores. Volver a la Constitución del 31 supone decir al pueblo español que desde el 18 de julio de 1936 no ha pasado en España nada digno de tenerse en cuenta. El pueblo luchó valientemente por la legalidad que le permitiera su prosperidad, y no tenemos los demócratas la culpa de que las fuerzas del mal, que representan la barbarie y el retroceso, dominasen y sigan esclavizando al pueblo español por la violencia y la traición".

"Democracia significa progreso, y el pueblo español desea que la Democracia gane los 8 años de retroceso que viene padeciendo por el dominio de la reacción española. Es justo premiar al pueblo el esfuerzo realizado con tanta generosidad. El Partido Socialista es el más indicado para recoger los deseos del pueblo y decirle, con la claridad de siempre acostumbrada, a donde vá y que es lo que quiere".

"Los que aleguen que esto puede asustar al mundo exterior, están equivocados plenamente, pues, incluso, políticos conservadores han dicho" que el mundo ha entrado en un período revolucionario que hace que las

Constituciones estén sujetas a revisión "y nadie se ha asustado, pues responden a una realidad".

"Recogiendo esa realidad del pueblo español, el Partido Socialista puede demostrar que lo más difícil no es reimplantar la República en España, sino consolidarla fuertemente bajo moldes nuevos que den satisfacción justa a todos los ciudadanos y a todos los pueblos que la integran. Si, por el contrario, el Partido Socialista no sabe recoger las aspiraciones políticas, económicas y sociales del pueblo español en general, y las ampliamente autonómicas de los pueblos de Euzkadi, Cataluña y Galicia; el Partido Socialista se verá rebasado por otros partidos políticos que acechan las debilidades que pueda tener nuestro glorioso Partido".

"Podemos nosotros decir hoy, que la Comisión Ejecutiva del Partido Socialista Obreiro Español ha reconocido a los vascos el derecho que nos asiste a regirnos por nosotros mismos (esto mismo conquistarían los socialistas gallegos se ante eles non abundasen os desleigados) cumpliendo así no solamente el dar satisfacción al clamor general de Euzkadi, sino también con una de las aspiraciones que figuran en el programa mínimo del Partido, que luego copiamos".

"Pero no solamente nos reconocen tal derecho, sino que ya apuntan en párrafo, que igualmente a continuación transcribimos, el pensamiento de estructurar a España con ajuste a la realidad, que permita acabar para siempre con las luchas intestinas y con las sublevaciones militares que tanto han degradado a la Península".

"Recordemos lo que dice el programa del Partido":

"El Partido Socialista Obreiro considera necesario, para realizar su aspiración, obtener las siguientes medidas políticas y económicas: Confederación republicana de las nacionalidades ibéricas, reconocidas a medida que vayan demostrando indudablemente un desarrollo suficiente, y siempre sobre la base de que su libertad no entraña para sus ciudadanos merma alguna de sus derechos individuales ya establecidos en España y de aquellos que son patrimonio de todo pueblo civilizado".

"Los socialistas vascos desde el interior, refiriéndose a la Comisión Ejecutiva del P.S.O.E., nos dice:"

"...y reconocen nuestro derecho a la Autodeterminación del pueblo vasco en razón de considerarnos capacitados para regirnos por nosotros mismos, dentro del derecho que se establezca para el régimen de la Confederación de Repúblicas Ibéricas..."

Velahí un enxemplo proveitoso para moitos gallegos socialistas, que teñen telarañas nos oños e cadeas no corazón.

Velahí un segundo aviso. E non tardarán en chegar outros...

O "CONSELLO DE GALIZA" EXERCITA UN DEREITO INDISPUTABLE E UN DEBER INELUDIBLE; PERO NON É PROPIAMENTE UN GOBERNO FORMADO NO ESTRANXEIRO PARA CHEGAR A GALIZA E SENTARSE NA CABECEIRA DA MESA SERVIDA... ¡ESO NON! ALÁ ESTÁN OS QUE DEBEN OCUPAR TODOL-OS POSTOS DE HONOR, E NÓS SÓIO ASPIRAMOS A MERECEER A SÚA CONFIANZA E A SÚA REPRESENTACIÓN NO EISILIO, PARA NON SERMOS REPATRIADOS COMO CADAVRES POLÍTICOS.

Castelao

PENEIRANDO FARIÑA ALLEA

Algoaldade de Dereitos e os Meritos Persoaes

POR

VAZQUEZ DA XESTA

Non se alpuricen os leguleiros polo tido deste artigo, pois non pensamos axexar polo ensarillado vieiro dos teorizantes na materia. Non. Os tempos que corren non son os máis axeitados para adicalos a esas clases de abstraccións. Os acontecementos asemellan unha enxurrada coa velocidade dun lóstrego e hai que tripas sobor de terra firme para non caer no valeiro e perdelo o tempo na arrandadeira das definicións. Pero hai principios que xa deixaron atrás a época do leite e son carne da mesma carne de todos os provos do mundo. Por exemplo, a algoaldade de dereitos ante a Lei. E', pois, de homes trasnoitados, cando non de mala fé, botar man, como slogan, dun principio democrático indiscutible para combater esta ou aquela orgaización que non sexa do seu agrado persoal.

▲ IGOALDADE DE DEREITOS

En todos os países civilizados este principio é fundamental. Aínda os mesmos reximens totalitarios o proclaman, en teoría, claro está. Pero a algoaldade de dereitos ante os individuos non supón algoaldade de méritos. Daí que a democracia, en calquera das súas formas, non sexa un sorteo, senón unha selección por méritos. E cando un povo se ve privado do exercicio que emana do principio da Igoaldade de Dereitos para a selección dos seus condutores, é natural que namentras non poida facelo, os depositarios da derradeira vontade, escollidos por ele mesmo, sexan os de maior mérito para falar en no-

me da comunidade. E' unha manda lexítima, verdadeira, a que non teñen dereito a renunciar, fora merecer a clasificación de treidores. O que estas ou aquelas orgaizacións enchan ou non os fins e responden aos anxeos do povo que representan, sexan ou non eficaces na súa labourea, é perfectamente discutible; mais confundir a algoaldade de dereitos cos méritos persoaes, xa é fariña doutro costal. O mesmo dá que o digan os leóns roxos, que os bermellos ou os teixos. A Igoaldade de Dereitos non dá Igoaldade de Méritos.

OS VALORES E

OS CALQUERAS

As Xerarquías intelectuais, moraes e políticas n-unha democracia pousan, primeiramente, nos valores intrínsecos, e, dispois, no prestixio que nasce dunha conduta sen mácula ao servizo da comunidade. Cando o povo, ademais, consagra, libre e espontaneamente tales xerarquías, non se enxergue que home ben nacido se aproveite da folla dun periódico alleo calquera para cuspir parvadas aceito. E' mester atoparse baixo unha atrofia mental, sen siso, nen responsabilidade, cego de entendimento i espido de todo sentimento patriótico e de xustiza, para dicir que tales ou cuas se-

ñores non teñen máis nen menos dereito que outro calquera de nós.

..Efectivamente. Non teñen máis nen menos dereito que un calquer de nós; pero si teñen infindos méritos recoñecidos por propios e alleos.

Nun país civilizado, desde se nasce, desfróitase da algoaldade de dereitos cívicos. Todos temos dereito a ser felices, morais e materialmente; todos temos dereito a ser millonarios, a ser imbeciles, a ser intelixentes, a ser xenios creadores, etc., etc.; mais ocorre que aínda dispoñendo dos meios materiais, moitos de nós, carecemos dos valores intrínsecos, porque estes non dependen da vontade do home senón da natureza. E velaí, pois, que todos os contemporáneos de Miguel Cervantes Saavedra tiñan, por exemplo, algoaldade de dereitos para escribir o Quixote pero foi ele, Cervantes, que o escribiu e, polo tanto, quen merece o agrado, o respecto que lle deu o mérito da súa obra inmortal.

I en calquer orden da vida pasa o mesmo. Todos os individuos dispoñan dos mesmos dereitos que Colón para procurar un camiño máis curto para as Indias; que Koch para a descuberta do bacilo que leva o seu nome, etc., etc., pero foron Colón e Koch os que descubriron América i o bacilo respectivamente.

En tocante a Galiza, que delo se trata, todos temos os mesmos dereitos para prestixiala coas nosas obras, coa nosa adicación

A Serea Firmeza

POR

ANTÓN VILARIÑO

Acérase ao seu acto final a traxedia que conmove o vello mundo dende os seus cimentos. A enorme conmoción que xunguiu violentamente dende o comenzo os pobos n-unha masa de sangue e fogo, está acercándose, según o demostran os sinos, ó arelado fin. A esperanza das nazonas irredentas: Polonia e o centro da Europa esnaquizadas; as nazonalidades da Iberia sufrindo a bota do derradeiro "Quisling", logo dos longos séculos da abafante "unidade" da meseta, coa secuela da separación da irman Portugal; da emigración en masa, e do pranteo dos insolubles problemas da Galiza, Cataluña e Vasconia, fai bulir o corazón de todos os que ficamos arredados do solar nativo fai muito tempo, e n'esta xenerosa Terra adicamos os mellores anos do noso sentir e pensar á Patria sufrinte.

No ambiente internacional todo é propicio para o xurdir d' unha nova humanidade baixo a inspiración da auténtica xustiza. Si intres bastardos non privan na mesa dos firmantes da paz, poderemos agardar que a vella arela dos pobos oprimidos que luitan fai longos anos polo respecto ó seu propio ser, á súa irrenunciable esencia, sexa considerada. Pra nosa modesta opinión, así e solo así, a verba "Paz", poderá ter valor operativo; d' outro xeito, seguiría sendo unha cousa valeira sin sentido real.

O efímero reinado de Franco ten as horas contadas. As forzas da democracia apréstanse ó golpe final que ha de limpar o mundo de criminales ambiciosos, e, non haberá poder humán que poida deter a sanción da historia. Consentes do intre, as hostes republicanas ibéricas apréstanse n'un fronte que é cada vez máis tecido, pra formar o dogal que ha de estrangular o derradeiro foco do feixismo na Europa.

A opinión da Hespania auténtica, exilada ou sufrindo baixo a pouta do "Kaudillo", e unha sola. Este pequeno persoaxe, imposto polas potencias que formaban o

aos seus problemas; pero é parvo, insensato e ousado supoñer que el nos pón en algoaldade de méritos cos que teñen consagrada unha xerarquía limpa e nobre pola súa labourea intelectual e patriótica a prol da nosa Tarre.

¿Cómo vai eisistir algoaldade de méritos para falar en nome dun povo, dunha cultura, dun destino ante un individuo que adicou toda a súa vida de traballo creador para prestixiar a súa Patria i outro que no seu diario non conta con haber de ningunha clas?

Cando o León Roxo (que non é león nen farrapo da gaitas) adique o pouco ou moito valer seu a traballar por Galiza, dun xeito homilde e constante, como fixeron e fan os patriotas de sempre; cando fuxan da súa afebrada mente esas confusións que hoxe o teñen aboiado até facerlle cuspir parvadas; cando as outras institucións culturais do seu país e alleas, así como o seu povo lle recoñezan o seu valer e o consagren como representante en calquera das xerarquías Patrias; cando todo isto ocorra... entón, se atopará en condicións de falar (aínda baixiño pola pouca antigüidade) de Galiza.

"eixo", nunca, en verdade tivo o sofecinte carácter e prestixio pra imporse nin siquiera ós seus incondicionaes. Por eso, desaparecidos os seus padriños, queda ó descuberto a súa catividade, é pode dicirse que, aínda antes da luita está vencido. N' este senso, non é esaxerado pensar que o problema da Iberia áchase resolto na futura planificación política i económica da Europa. Na Península, a esperanza ecoa nas voces de alento que chegan do exterior; das orgaizacións que se preparan a facerse cargo da constitución de goberno republicano; e, entre estas veces, a dos representantes de Galiza, Cataluña i Euzcadi xunguidas en Galeuzca, han seren sin dúbidas as inspiradoras da máis intelixente estrutura das nazonalidades irredentas que luitan por xurdir da masa anónima i escura en que xaceron incontables anos baixo a dominación de Castela; impotente en todo ese tempo pra borrar as súas esgrevias persoalidades difrenciadas i esenciaes de idioma, carácter e cultura.

O final xa se abesulla; os errados, e os que agardan pescar en río revolto, ren han de conseguir contra a vontade omnimoda do povo; non embargantes, os dirixentes ben intencionados han de facilitarlle ó povo o instrumento máis axeitado para evitar que unha vez máis sexa vítima dos estafadores de arriba, d'aquelles que aínda agardan a volta dos carquismos, e da falsa democracia con asento na "Villa y Corte".

Hai que presentarlle ó povo un cuestionario preciso, firme e craro pra que non haza lugar a enganos. A nosa verba debe de ser mesurada e serea aínda que irrevocablemente firme. Os pobos desesperados como o é o noso non hai que presentarlle solucións desesperadas. Si a nosa educación política levounos a esta belida solución do federalismo integral; teremos que luitar de corazón pra que as forzas non nos escamoteen a serea verdade conceptual que portamos, baseada na xustiza social, e no respecto á libre determinación de cada povo; no dereito de cada un a ser "si mesmo". N' este plano, deberemos ser inconvencibles, e non aceptar sistemas intermedios que puideran facilmente encubrir a trázica zancadela que alonxe pra sempre a realización dos nosos ideaes de paz e armonía do que son portadores os nosos persoicos en quens depositamos toda a nosa fe. Os que aínda dúbidas, é que son xordos de espírito que, según o dicir de Unamuno, é a pior xordeira, ou son imbeciles sin remedio. A sorte está botada; temos nas nosas mans algo grande que debemos cuidar que se realice. Temos a nosa vida limpa, e o desexo honrado de formar entre as nazonas libres do mundo prousimo a amanecer, convencidos de que é preferible unha morte de pe que unha vida axonillada. Ogallá se logren os nosos anxeos, e poidamos gritar con rubilo as verbas do noso aedo: "SON CHEGADOS OS TEMPOS"...

LEA E DIFUNDA

A NOSA TERRA

MERQUEA NOS KIOSCOS OU SUSCRIBASE A ELA. É UN PERIÓDICO ENTERAMENTE GALEGO

Propagación do Evanxeo de Galeuzca

por A. ALONSO RIOS

Cada día que pasa, os feitos acusan con máis claridade a nova ordenación de ideás e sentimentos que GALEUZCA imprime ao panorama político hespañol, dentro e fora d-España, e, d-un xeito particular, nos grupos d-emigrados espallados d-unha punta a outra d-América.

O núcleo de Bos Aires veu a convertirse na central GALEZQUIANA. De todas as beiras se oute cara o Prata en procura de noticias, inormas, de ideás, para coñecer o que se fai i-o que conven facer, coma se a descuberta d-un novo roteiro, i-unha nova conciencia, fixeran sentir universalmente a necesidade incontible de concertar a niza a posta en marcha baixo o signo de Galeuzca.

Prada, deunos ideía crara de como prenda n-as xentes o credo de Galeuzca. As súas verbas, sobre pouco máis ou menos, son éstas: "Teño que dicir que a miña tarefa resultou moi fácil. Eu quedei realmente sorprendido. Pois o mesmo en Perú que en Colombia, en Cuba igual que en México, bastou con dicir sinxelamente o que era e o que se propuña Galeuzca para que a xente comprendera e se sumara entusiasmada ao noso movemento. PARECIA TALMENTE COMA SI EU FORA PORTADOR DE ALGO QUE TODOS ESTIVERAN ESPERANDO". Estas derradeiras verbas do Prada son todo un poema, que fala de ansias longamente alumiñadas e decote inconqueribles.

Galeuzca pon as mans na ferida; na ferida de cinco séculos que magoan a ialma da Nazón galega, que torce o curso da hestoria da Península, que impide o desenvolvo dos pobos, máis non é quen d-afora as súas ansias de vivir.

POR ESO NON SOIO GALEGOS, VASCOS E CATALÁNS REAXEN E SE ATOPAN A SI MESMOS AO OUVIR AS VERBAS DO PRADA, SENON QUE TODOS OS HESPAÑOLES SINTEN A REVELACION DO VERDADEIRO SENTIDO, DO SENTIDO PROFUNDO E IMBORRABLES DOS POVOS HISPANICOS. DO SENTIDO QUE, COMO DI CASTELAO, GARDA LEALMENTE A TRADICION, E QUE A HES-

TORIA FALSEXADA NON PODEU BORRAR.

Hai un ser en cada povo da Península; un ser que latea no corpo e na ialma, que é istinto e ideía, que corre pol-as veas e vosa no ensono; un ser que informa a propia nazonalidade e a trascende.

Un galego non é soio galego. Pode verse que canto máis íntimo e forte vive nel o sentimento da nazonalidade galega, máis rezo é, tamén, o seu sentimento de solidariedade peninsular e hispánica. E o mesmo pode decirse d-un catalán, d-un vasco i-aínda d-un castelán.

Debaixo do falso hispanismo totalitario-centrista acochéanse, nos povos de fala castelán, os mesmos sentimentos nacionaes e de fraternidade peninsular e hispánica, que hoxe frorecen en Galiza, Euzcadi, Cataluña e Portugal.

As verbas cordiaes de Galeuzca teñen o poder máximo de despertar os soterrados sentimentos da nazonalidade en cada povo. E cada povo, ao atoparse a si mesmo, atopa a súa persoa e o seu ambiente, a súa área de colaboración solidaria, a súa comunidade histórica i-a súa zona de simpatía e proieución espiritual.

Espertar as nazon hespañolas é espertar a Hespania.

As nazonas non se espertan para illarenses. Espertanse para vivir: para vivir a súa vida íntima i-a súa vida de relación coas outras nazonas. Para realizar a finalidade peculiar i-a finalidade común. Para dar vida ao ser nazonal, que é e crea; e para dar vida ao Estado peninsular que axuda a ser e a crear. Para mirar cos propios ollos ao mundo e para tomar unha parte aítiva na obra común dos povos dentro dos orgaismos peculiares e comuns, e seguindo a lei da afinidade.

En poucas verbas, pode decirse que Galeuzca está conquerindo, da tradición e da conciencia dos povos hespañoles, a Hespania que enterrou a hestoria oficial debaixo das súas falsedades, e que o centralismo no foi quen de matar.

E, dende debaixo d-ese monton de mentiras, que se esbargalla, a conciencia dos povos: do seu ser e da súa solidariedade hispánica, responde: PRESENTE.

PROBLEMA RESOLTO

Durante longas semanas, "España Republicana" de Bós Aires veu facendonos obxecto da súa reconcentrada malquerencia, con motivo da fanada xuntanza de Cortes en México. Velahí algunhas mostrás:

"Quiénes renuncien a ejercitar su deber y su derecho no podrán afirmar que luchan por la restauración de la legalidad."

("España Republicana" do día 2 de decembro do 1944).

"Nadie tiene facultad bastante clara — no pudiendo concurrir — para negar el concurso de su opinión en la amplitud estimable de la palabra o el voto por delegación."

"... Menos derecho tienen a negarse a la concurrencia, en una u otra forma, aquellos representantes de organizaciones ibéricas que pugnan por el reconocimiento cada vez más amplio de sus personalidades propias... A algunos será conveniente recordar que fueron estas Cortes las que votaron y consagraron su Estatuto... A otros no estará demás decirles que el gobierno de la República — el gobierno de 1936 — dió franquicia a la consulta de la voluntad regional en términos de absoluta y amplia libertad y hubiera cumplido con el supremo deber de valorar un Estatuto, si los acontecimientos de la subversión no hubiesen puesto sobre el tapete, como necesidad imperiosa, la continuación de la guerra..."

("España Republicana" do día 13 de xaneiro do 1945).

Había de señalarse también la actitud de algunos diputados que creen este momento propicio para obtener reconocimientos más amplios a sus pretensiones idealistas... No nos parece ni honesto. Los diputados han jurado servir una fórmula legal y tienen que cumplir ese deber... sin cuya acción no sólo no asegurarán sus pretensiones más queridas, sino que perderán aquellos derechos que tan justamente les fueron reconocidos en su hora."

("España Republicana" do día 20 de xaneiro do 1945).

Antramentras "España Republicana" facía gala da súa imprudencia, escumungando, sen razón nin motivo, aos deputados galegos, vascos e cataláns, éstos enviaban un telegrama, que decía así: "Diputados Galeuzca caceciendo convocatoria e información fidedigna juzgan necesario aplazar reunión cortes y gestionar previo acuerdo representaciones calificadas". Ademais, en tanto os deputados galegos, vascos e cataláns, radicados en Bós Aires, recibiron a convocatoria, apresuráronse a tomar acordos, que lle foron transmitidos por conduto competente ao Sr. Martínez Barrio. Velos ahí:

"Habiendo recibido el día 13 del corriente una convocatoria fechada el 18 de noviembre, para la sesión extraordinaria anunciada para el 10 de enero de 1945, juntamente con las Circulares nos. 1 y 2, los diputados que suscriben, adheridos y bajo la disciplina de Galeuzca (Galicia, Euzkadi y Cataluña), se dirigen al señor Presidente de las Cortes de la República española para manifestarle:

1. Dadas las características de la convocatoria y el tiempo disponible hasta el diez de enero, es evidente que en las actuales circunstancias no hay posibilidad de que los suscritos acudan a la proyectada reunión.

Al constatar esta imposibilidad procede dejar constancia de nuestra protesta por la forma de la convocatoria.

Según nuestra apreciación de los hechos que conocemos, no se ha tenido en la preparación de esta reunión el debido respeto para

los fueros de los diputados residentes fuera de México, pues no se han efectuado las consultas previas indispensables para que la efectividad de un organismo paralizado desde hace años, se inicie con garantías de éxito. No será nuestra la responsabilidad si por esta deficiencia la reunión resulta una ficción condenada al fracaso por la propia pequeñez de sus finalidades.

2. Teniendo en cuenta lo antedicho procede, a nuestro entender, el aplazamiento de la anunciada reunión, para dar tiempo a que previamente se llegue a un acuerdo fundamental entre los representantes de todos o en su defecto la gran mayoría de los grupos políticos republicanos, participando en el acuerdo las representaciones legítimas de los pueblos de Euzkadi, Cataluña y Galicia.

3. Con respecto a los puntos 1, 2 y 4 del orden del día de la convocatoria, los diputados que suscriben entienden que debe reservarse para ulterior ocasión el debate de estas cuestiones, en atención a que la mayoría de los diputados desconocen en absoluto los antecedentes que podrían permitirle formar opinión. Entendemos que antes de discutirse estos puntos la Diputación permanente debe remitir copia de las actas de sus reuniones e informes detallados de su gestión desde febrero del año 1939.

Respecto del punto 3 del orden del día propugnamos el restablecimiento del orden republicano.

Coincidimos con esta finalidad proclamada como primera base en el acuerdo de la Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas formada en España en la clandestinidad, y con el espíritu de promotores comprensiones manifestadas por la citada Alianza respecto de los pueblos de Cataluña, Euzkadi y Galicia en su lucha contra Franco o contra cualquier régimen antirrepublicano.

Este restablecimiento implica el reconocimiento de un sistema único de dirección republicana que debe comprender:

a) Nombramiento de un Presidente de la República.

b) Integración y coordinación de los órganos de poder republicano.

c) Participación supeditada al acuerdo mutuo, en la unión y en la acción republicana de las fuerzas democráticas catalanas, gallegas y vascas a través de sus autoridades representativas.

d) Incorporación progresiva de representantes de las fuerzas que luchan contra Franco en la clandestinidad, a este sistema de reorganización del poder republicano. Buenos Aires 15 de diciembre de 1945.

Firmado: Alfonso R. Castelao, Elpidio Villaverde, Pelayo Salas, José M. de Lasarte y Antonio Alonso Ríos."

Conste, ademais, que todos os deputados de Galeuzca conferiron a súa representación ao Presidente do Goberno vasco, Sr. Aguirre, e subsidiariamente ao ex ministro da República e deputado catalán Sr. Tomás i Piera, quenes aconsellaron a Martínez Barrio a suspensión, en termos conciliadores, que, de seren atendidos, non teríamos que lamentar hoxe o fracaso das Cortes de México e, por ende, o descreto da Xunta de Liberación.

COMENTARIO

Hai homes que nin saben per-

der nin saben gañar, pero que xogan a cabeza en calisquera pleito, con tal de que venten algunha ganancia, ben sexa por lei de xogo ou por artimaña. Tal acontece cos políticos ventaxistas e pleiteantes, que se inflan de insoportable fachenda antes de tempo e logo vólvense tolos para xustificaren a súa torpeza, en vez de recoñecela e confesala, que ese sería o xeito máis nobre de redimírense. Referímonos aos responsables de todo canto dixo "España Republicana" a prol da malfadada reunión de Cortes en México, porque foron imprudentes, petulantes e temerarios na gabanza de si mesmos e dos seus cofrades; foron, sobre todo, lixeiros para ofenderen a quen non concordase cos seus prexuícios. Ofenderon aos deputados, entrando a furto nas súas concencias e supoñéndoos indios da misión que o povo lles confireu. Prexuzgaron todo con lóxica acomodada aos seus desexos e non acertaron en cousa ningunha, porque o desexo e intrínsecos dos políticos centralistas está fora dos novos rumbos de España. Puxéronse a xogar con ventaxa e asañábanse contra os que non asistían ao seu xogo... Pero agora que xa se puxo en claro a intrínsecos do suceso parlamentario de México, nós pregámolle aos ex gobernantes da segunda República que, si non foron capaces de evitaren a guerra civil, non entorpezan, polo menos, o establecemento d'unha concordia xeral republicana, cousa que non se logra con maquiavelismos.

Decía "España Republicana" (2—XII—1944): "Afortunadamente, la variedad de la vida política española, está bien representada en los núcleos parlamentarios residentes en México", i esta era unha baladronada despreciativa para os núcleos que residen fora do Madrid mexicano; e nós sabíamos que non habería quórum de deputados sen previo concerto de todos os elementos republicáns, como sabíamos que sen Goberno non hai Cortes posibles. Decía o mesmo número de "España Republicana", encol dos deputados que hon podían concurrir á reunión, que tal problema estaba resolto "autorizando a votar por medio de delegación recaída en otro diputado presente", i esto era un desprezo do carácter deliberante das Cortes; e nós sabíamos que semellante acordo non podía prevalecer. Pero dispois do fracaso das Cortes — por non to-

mar en consideración a proposta de Galeuzca e do Dr. Negrín—"España Republicana" (27-1-45) dí o seguinte: "Este intento volverá a tener efectividad cuando las circunstancias lo permitan. Tal es la resolución adoptada, que implica, no el fracaso de la reunión, sino la necesidad de acomodar su celebración a ciertas formalidades legales para la obtención del quórum imprescindible, con asistencia personal de los representantes". N-efeito; as circunstancias permitirán todo —non somentes unhas Cortes, senon un Goberno, un Presidente da República e unha dirección única do republicanismo— en canto a "legalidade" invocada pol-os xerifaltes deixe de ser unha trampa para cazar incautos.

Os deputados afeitos a Galeuzca son, como quería "España Republicana", "Diputados de Nación", da súa Nación. Non son "procuradores en Cortes" e, polo tanto, non reciben nin toleran mandatos imperativos de ninguén; que eso, e non outra cousa, é o que quer decir o precepto constitucional. E como tales deputados obraron en concencia, cordamente e limpamente, e como proba velahí están os seus acordos e o exercicio que do seu deber e do seu dereito fixeron. Claro está que os deputados vascos, cataláns e galegos, residentes en Bós Aires, non tiñan porqué participarlle os seus acordos a quen se atrevía a prexuzgalos con tan pouco xuício.

Vexamos agora o ságame da cuestión. Primeiramente diremos que aínda non se sabe de que foco xurdeu a idea de convocar a Cortes, pero sábese que foi cousa improvisada e sen sentido da responsabilidade. Ao Dr. Negrín, xefe do derradeiro Goberno, convocóuselle como a un de tantos deputados, e recibiu a convocatoria en Londres, no mesmo día que se xuntaban as Cortes en México. Os socialistas e republicáns que siguen a Negrín anunciaron a súa abstención.

Os deputados de Galeuzca tamén decidiron non concurrir, en vista de que non se buscaba o entendimento necesario para asegurar o éxito da xuntanza. A todo isto forxábanse graves desavenencias no seo dos grupos comprometidos, que determinaron o total fracaso das Cortes, cuxa primeira e única sesión reduíxose a unha "ceremonia necrológica", según se dí na mellor

reseña do acto, publicada por "Excelsior" de México. Velahí ao que conduxo a impremeditación e lixeireza dos repúblicos eisilados no Madrid mexicano. E agora pergunto eu: ¿Non cabe eisixir responsabilidade aos homes que malversan en xogos imprudentes a causa republicana e democrática, que é patrimonial de todos os hespañoles? Porque dispois do sucedido xa non pode decir "España Republicana" que os separatistas somos nós, senón eles, os que enchen a boca coa verba "España" e dispois de perderen dúas Repúblicas aínda teñen folgos para perder heroicamente a terceira.

Aínda será ben que asombremos aos nosos lectores c-unha referencia verídica, que ninguén ousará desmentir. Seipan todos que Indalecio Prieto endexamáis aprobou a iniciativa parlamentaria de Martínez Barrio, e dende o comezo xa se declarou nemigo de convocar a Cortes en México. As razóns que incitaron ao famoso parlamentario sábeas él, e nós non queremos sospeitalas e menos prexuzgalas. O certo foi que Prieto e os seus corifeos boicotearon a reunión de Cortes, opoñéndose a que os deputados ausentes deran a súa opinión e o seu voto por escrito ou delegaran nos deputados presentes, seguros como estaban de que endexamáis se cobrirla o quórum reglamentario, porque os deputados de lonxe non tiñan diñeiro para viaxar... Agora ben; as Cortes poden xuntarse con calisquera número de representantes e os seus acordos teñen efectividade sempre que ninguén pida votación nominal ou sempre que non se pida, por escrito, un recento dos deputados presentes, para o que se necesitan quince firmas. As Cortes de México, pois, podían ser tales Cortes se todos os asistentes quixeran, de modo que a súa nulidade non se lle pode achacar aos que se abstiveron de concurrir, senón aos que concorriron. ¿Quén impideu que as Cortes de México tiveran efectividade? Foi Indalecio Prieto. Ocurreu, señores de "España Republicana", que os prietistas anunciaron a súa asistencia, para pedir votación nominal, e, probado que non había cen deputados, as Cortes reducíanse a unha asamblea política, para aprobar o programa da Xunta de Liberación. E foi así como Martínez Barrio se veu forzado a pedir a suspensión indefinida das Cortes que él convocara. Seipan, polo tanto, os responsables de "España Republicana", que o fracaso da iniciativa parlamentaria débese exclusivamente ao seu venerado amigo Sr. Prieto. Nin foi Negrín nin foi Galeuzca; foron os egoísmos encontrados... E agora preguntolle eu aos responsables de "España Republicana": ¿Somos nós tan separatistas como vostedes? Porque vostedes separan e nós non sementamos discórdias insensatas nin abrimos abismos insalvables.

A proba da nosa prudencia está no silencio con que soportamos as pauliñas i escomunións de "España Republicana", e agora que se lle acabou o fulminante acusamos recibo das ofensas recibidas, e non para cobralas, senón para decirlle ao voceiro republicán que non ten independencia d-abondo para enxuiar a manobra de Prieto.

Porque aínda falta por decir os motivos que tivo Martínez Barrio para deixar a presidencia da Xunta de Liberación...

X A N.

Casa OTERO

PLACAS RADIOGRAFICAS

Artículos de Calidad "ELIOT"

PARA FARMACIAS Y HOSPITALES

AGUJAS Y JERINGAS HIPODERMICAS

CATGUT, GUANTES, etc. - PERFUMERIA

General Urquiza 624

U. Telef. 45. Loria 8273

LEMBRANZAS DE VIAXE

Das Miñas Conversas con Político

SBERT - SANTALO - MARTINEZ

POR RODOLFO

LIMAR

O poñerme a tarefa de resumir n'uns artigos as conversas que tiven con diversas personalidades republicanas hespanoas, na percorrida que recentemente fixen por terras d'América hastra México, abrángume unha fonda preocupación: a de ollar deica onde deberei chegar nas revelacións do que d'elas escoitei. Intres son os aituas, nos que se impón a patriótica obriga de me dir as verbas e de aitar con discreción pra non afondar, aínda máis, as gabias que soparan aos homes e partidos no eisilio. N'ista hora, acugulada de posibilidade pra o futuro das Hespanas, compre non botar máis pitelos o fogo; antes ben, débese espallar aceite sobor das olas aloucadadas, en percura de pór romate, d'unha vegada, o tristeiro e pernizoso espectáculo que os políticos republicáns venen doando o mundo dendo eisilio.

Honoráronme, concedéndome longas conversas, políticos tan destacados coma Don Diego Martínez Barrio, Don Lois Jiménez de Asúa, Don Miguel Santaló, Don Antonio María Sbert, etc., para sinalar, somentes, os que fican fora da órbita de GALEUZCA. En-isas conversas, todos iles concedéronme un amplo marxe de confianza, pois non tiveron reparos en facerme coñecer casos e cousas que aínda non trascenderon, e moi intimas opinións e xuícos sobor de profomes e partidos... E taes confidencias, sinto que me imponen un deber de máisima discreción. ¿Máis, hastra onde a miña discreción debe chegar? ¿Qu'é o que debo dicir eo que debo calar? Porque dende logo, ou non cheguei a iles "emboscado", nin disimulando a miña posizón ideolóxica, nin as miñas vinculacións partidarias. Eu falei con todos iles coma home de GALEUZCA. E as miñas entrevistas con iles tiveron por ouxeto servir a GALEUZCA. E pra servir a GALEUZCA istá destinado iste escrito; que non pra satisfacer a miña vaidade.

Calarei, pois, tod-aquelo que xuzgo incoemente pra os cutos intreses da común causa republicán; pro direi aquelas outras que convén a todos que se sepan, aínda que algúns, entre iles os propios que m-as dixerón, prefirisen que as silenzase.

Pra-a millor concatenar os feitos e as verbas, farei crónica das entrevistas, no mesmo orde no que foron realizadas.

ANTONIO MARIA SBERT

N-unha mañán do 18 do setembro derradeiro, fún presentado a il, por un b'o amigo común, na Oficina de Información Aliada da cidad de México. Dende logo, xa non é o axoven estudante, inqueado e valente líder dos alumnos universitarios hespanoos, que tan tos doores de testa lle deu o xerezano xeral Primo de Rivera; máis aínda fican n-il a fogaxe de onte e moito do seu inxénito pulo revolucionario. E home de fala afervada e d'acición.

Sbert é un dos poucos persoas cataláns que se fixeron acordos con algúns núcleos de republicáns hespanoos para formación da Xunta de Liberación Hespana, no seo da cal os representa coma vocal da mesma.

Pol-o mediodía fumos a xantar. Fixémolo n-un garimoso ambiente: no restaurant "Papillon" que é d-un eisilado, do patriota catalán. E de sobremesa falamos longamente...

Home de fogaxe e pol-o mesmo cheo de paixóns, non estivo remiso no enxuzar a homes, con nomes propios, partidos e núcleos, nin en botarlle cáregos e condenacións a quenes refugaron adhesións e apoios a Xunta de Liberación, xunta que il me puña coma máisimo e definitivo orgaismo reitor do republicanismo hespanol e instrumento para facer a restauración da legalidade a base da Constitución do 31.

Falaba e falaba coma home que



A. M. SBERT

istá no cume do acerto, do éxito e do triunfo. Os republicáns que non istaban coa Xunta, non contaban ren; os vascos foran deixados a unha veira pol-as suas desafiadas pretensións; os cataláns das Comunitáts eran poucos, non tiñan importancia e achábanse en rebeldía coa legalidade do goberno catalán representada pol-o señor Irla; os galeguistas tiñamos como tido un erro o haber "coalicinado" o deputado Suárez Picallo pra retirar a sua adhesión a Xunta de Liberación, en ves re habelo aproveitado hábilmente pra acaudar da Xunta ventaxas pra nosa causa... E falou de GALEUZCA... E n'iste punto, comprendín craramente, — e non coido cair en erro, — que nos entresizos do espírito de Sbert acóchase aínda un insobornabel sentimento catalanista. Pois de Galeuzca eispresóuse con garimosa simpatía. Recoñeceu que era comenentísima a sua existencia e que-era o instrumento indispensable pra conquistar o recoñecemento dos dereitos dos tres povos: Galiza, Euzkadi e Cataluña. Mais atopába trabucada a sua postura; o seu ruizo, Galeuzca debía adherirse e Xunta de Liberación pra ser eficaz e pra non comprometer, na hora da restauración republicán, as ventaxas que xa tiñan conquistadas os ditos povos. Falou e falou...

E logo, amabelmente e amostando intrés, escoitome a mín.

Defendín a postura dos vascos o impor condicións, que — guían tamen aos cataláns e galegos, pra entrar na Xunta de Liberación. Dizenlle que Galeuzca istaba solidarizada co-aitude dos vascos e que lle tiña doado ao presidente señor Aguirre prenos poderes pra tratar coa Xunta de Liberación. Eispriqueille coma, o entendemento dos republicáns de Bos Aires e Montevideo con Galeuzca, dera por resultado o estraordinario éxito

dos aitos que se fixeron en Montevideo cando a visita de Martínez Barrios e Maja; e coma, por contra, o viaxe de Alvaro de Albornoz, o ano seguinte, istando ausente Galeuzca, debido a incompreensión e nemiga da Xunta de Liberación, fora un rotundo fracaso, fracaso que Don Alvaro veu repetido en Chile pol-a mesma razón. Eispriqueille, tamen, a importancia e forza das Comunitáts Cataláns d'Arxentina, Uruguai e Chile e coma todas elas istaban xunguidas a Galeuzca. Acrareille a aitude do noso deputado Suárez Picallo: que non había sufrido tal coacción, senón que, simplemente, o chegarlle de Bos Aires a ourentazón que, con respecto a Xunta de Liberación, lle imprimira ao Partido Galeguista o seu actual xefe, deputado Castelao, il, Suárez Picallo, coma home leal e disciplinado procedeu, serea e libremente, d-acordo coa postura do seu Partido. Parecéume ben engadirlle o señor Sbert, — recollendo a crítica que nos fixera aos galeguistas, — que a ética do Partido Galeguista refugaba os procedementos de sacar ventaxas d-esquello; que o Partido Galeguista, por propio decoro e por diñidade galega, tiña por costume faguer xogo limpo, pondo as cartas boca arriba, tratando de igual a igual, reclamando ou eisizindo, craramente e a face descuberta, as posicións e dereitos que tivese por lóxicos e xustos; que Galiza non ten porque andar con trapisondas nin con regateos debaixo da manita e menos mendigando esmolos... Píxenlle saber as potentes forzas que representan as coleditidades galegas de Bos Aires, de Montevideo e de Cuba, as cales, no seu noventa por cento estiveron i-están rrazamente coa república; e coma isas forzas, inda as que non pertencen ao Partido Galeguista, no orde d-autonomía e dos dereitos da Galiza, respaldan a Castelao, — ade quen per certo, me fixo Sbert outras loubanzas, e que boa proba d-elo fora o grandeiro banquete con máis de 1.500 comensales, que os galegos de Bos Aires lle ofreceran recentemente co gallo de haberse publicado o libro "Sempre en Galiza", no que Castelao eispon o seu ideario político pra galeguidade.

As miñas verbas deberon de facerlle efecto, pois, en adiante, o seu son e a sua postura tiveron un troque visibel. Voltou il a falar... Xa non foi pra dar paus nin pra facer críticas acedadas. Foi pra se confesar unha miga e pra percurar camiños de reconciliación e de achegamento de forzas onde a il e pra Xunta. E n-iste intre fíxome confidencias persoas e revelóume intencións e posturas de certos profomes e espíxome unha táctica a seguir por Galeuzca, que non me é lícito pol-o d-agora, revelar. Soio direi que n-elo ollei o drama espiritoal que il, coma patriota catalán, istaba a vivir fondamente.

Encomendóume certa misión pra unha outa persoa catalán de Bós Aires, figura relevante de Galeuzca. E logo puxo moitísimo intrés en qu-eu entrevistase aos señores Prieto e Martínez Barrio pra que lles fíxese coñecer canto eu lle había manifestado a il. Refuguei atoparme co primeiro dos ditos señores por razóns de patriotismo galego, que il debeu estimar, pois non insistiu; e acetei

compracido o seu xentil ofrecemento de arranzarme unha entrevista co señor Martínez Barrio.

Xa pasaba da media tarde cando dimos por terminada a longa sobremesa e nos soparamos.

Sbert deixóume a impresión de ser un home, que perdeu a roita n-unha encrucillada de camiños... ¿Por boa fé, por erro táctico, por impacenzas de chegar?... That is the question!... Non embargantes, eu quero pensar, — cédas pol-a simpatía persoal que me ispirou, — que aínda pode ourentarse azeitadamente e render bos servizos a sua gran Cataluña.

MIGUEL SANTALO

Acolléume con moita fidalguía no seu fogar. Fogar de morno ambiente familiar; unha dona que reúne en sí as virtudes carauterísticas da muller catalán: simpatía, bondade, forteza d-ánimo para sobrelevar as durezas do eisilio a veira do seu home, cortesía no trato e crara intelixenza; uns fillos qu-espanllan xuventude e outimismo, e que son o consolo dos seus pais n-ista hora mouro da eispatrición.

N-ise ambiente coñocín a Don Miguel Santaló e alí tivo comenzo a nosa conversa que foi segrata sobremesa d-un xantar no grata sobremesa d-un almorzo o día 7 de Outono no restaurant "Papillon".

O relevante político catalán áchase na mesma postura de Sbert: na órbita da Xunta de Liberación e divorciado dos núcleos cataláns e Comunitáts que responden o Consello Nacional de Cataluña presidido, dende Londres, por Don Carlos Pi e Suñer. N-iste preito il é parte cume, pois ostenta en México a representación do señor Irla,



MIGUEL SANTALO

quen, pol-a sua condizón de presidente do Parlamento Catalán, constituíuse, o morrer no mar-teiro Companys, en persoeiro máisimo do goberno de Cataluña. Fálame ámpriamente e con moita quentura da legalidade do goberno catalán que preside o señor Irla na Franza. A pesares d-iso, dánse en Santaló uns matices, unhas comprensións e unhas emocións catalanistas que o amos tran achegado espiritualmente aos seus irmáns catalás que integran GALEUZCA. Non escoitei dos seus beizos verba algunha firente contra iles; e por contra, d-un sinxelo entendemento con non aforrou conceutos a prol

files. Tampouco aforrou simpatías nin loubanzas pra o presidente dos vascos señor Aguirre nin pra o noso presidente señor Castelao.

As informacións que lle dín sobor GALEUZCA víase que doaban satisfacción a sua febra d-afervado patriota catalán, se ben concordaba con Sbert en xuzgar comenente que GALEUZCA istivese coa Xunta de Liberación E a prol d-iso, eispríxome un pran, co cal il tiña a seguranza de outer dous froitos trascendentes: unha fraternal solución do preito interno catalán; e o acoplamento de GALEUZCA a Xunta de Liberación. O pran consistía en xuntar n-unha conferencia en México aos señores Aguirre, Castelao, Pi e Suñer, Serra Moret, Comunitat Catalana de México e os persoeiros do grupo catalán da Xunta de Liberación Non dubidaba de que se chegaría axiña a un acordo. Logo viríase d-un entendemento coa Xunta de Liberación sobor da base dos ideais de GALEUZCA: República Federal. A ise respecto, fíxome o noto de encarregarme unha misión pra Bos Aires.

O señor Santaló deume a coñecer prolegómenos da creazón da dita Xunta. Eisprícame qu-il propugnou que se constituíse a base das Istitucións Republicanas: goberno da República, gobernos vasco e catalán e consello galego (a formarse en base ao Estatuto de Galiza xa plebiscitado); e com-Asamblea de Profesores d-Habana infruira pra que se constituíse a Xunta a base de Partidos.

Tamen, coma Sbert, fáime confidencias que teñen magoado o seu espírito de patriota catalán e que o enchen de preocupacións polo porvir das liberdades cataláns e, pol-o conseguinte, das liberdades das demais nazonalidades hespanoas.

Confeso, — e así o teño esposado no seo dos núcleos de GALEUZCA, — que o señor Santaló me impresionou fondamente coma home ponderado, d-afervado patriotismo e de espírito sinxelo e leal. Dend-enton a hoxe, téñense producido acontecementos que me desconcertaron n-ise senso, taes como o aitivo o relevante papel que desempeñou na fracasada reunión das Cortes en México, nas qu-il aitou de vicepresidente; e as notizas privadas que se teñen recibido eiquí da Franza asegúñ as cales o señor Irla o desautorizou...

A pesares de todo, quero seguir pensando que a grandeira Cataluña ten n-il un fillo leal, que pode caer en erro de táctica, pro que lle doará, onde queira que se atope, o seu pensamento, o seu espírito e a sua acición.

DIEGO MARTINEZ BARRIO

Sbert avisóume por teléfono que Don Diego e máis il, recibiríanme na sede da Xunta de Liberación o sábado 29 de pasado setembro a 5ª da serán. Pontoalmente istiven el a isa hora, a pesares da forte i espietacular tromenta que

Políticos Repubricáns e Españoles

Don Diego Barrio - Jiménez de Asúa

FO PRADA

se desencadeara n-ises intres. Iles aínda non tiñan chegado. Agardáronos hastra seis. A miña dimidade de galego, non me consentiu agardalos máis; e marchéime, deixándolle unha tarxeta a Sbert.

O seguinte día, Sbert disculpouse por teléfono i espicou as razóns que os fixera chegar cinco minutos despois de ter eu marchado. E como Don Diego e demais membros da Xunta de Liberación, saían axiña pra Habana coa misión de asistir, coma invitados pol-os parlamentarios cubáns, ao aito da toma de posesión do novo presidente de Cuba doutor Grau San Martín, concertóuse o atoparnos n-aquela cibdá.

Cando eu cheguei a Habana, xa Sbert voltara a México. Don Diego aínda ficaba el e na visita de cumprimento que lle fixen na compañía do esgrevio galeguista Xerardo Alvarez Gallego, fíxome unha entrevista pra o día seguinte, 28 d-outono, as dez da mañán.

Pontoal istiven no Royal Palm Hotel a hora fixada; e pontoal Don Diego me fixo o noto de me recibir n-un gabinete, no que tivo a amabilidade de reterme unhas dúas horas en moi interesante e amigábele conversa.

Eu vira por primeira vez a Don Diego facía uns dez anos, no setembro do 1934, na cibdá de Xerez da Fronteira (Sevilla), na cal, il coma eu, coincidimos de pasada. Alí me presentou a Don Diego, un inesquecible amigo, inspirado poeta e aferroado repubricán que caíu morto pola ferocidade falanxista: Antón Chacón Ferral. Vin e saudei a Don Diego por segunda vez, na grande xeira repubricán de Montevideo no abril do 1943. E de novo, agora, teño a satisfacción de vel-o e falarlle. N-iste intre, no que, as circunstancias da guerra civil e a chorada morte do esgrevio Azáña, o teñen posto no cume da legalidá repubricán hespañola. Algo trocou o seu físico no correr d-istes dez anos acugulados pra il de grandes acontecementos, de insospeitadas situacións, e d-eisaltacións as máisimas cumes do Estado, de tráxicas diadas de cruel loita, de aspros anos de exilio lonxe da súa belida e leda Sevilla... Mais o seu aza, a súa bonhomía, o seu don de xentes, a súa sinxeleza, a súa palabra brillante e de gracezo andalús, seguin sendo coma denantes... Cecéas cando afonda no teima da política, advertítese est coma si unha soma de pesadume andivese a envolvero...

Don Diego acolléume con moito afeuto e, democráticamente, permitíome cantas manifestacións e preguntas, cantas observacións e interrupcións lle fixen na longa conversa. Deixa n-un, a seguranza de home aberto, limpo, sen recunchos e sen reservas mentaes.

Esi foi que, sen arrodeos e sen eufemismos, espúcenlle o desconcerto e penoso desgosto que, nos homes de Galeuzca de Bos Aires, tiña producido a súa atitude de abandonar o pran concertado co il en Montevideo e que, sen aviso nin espicazón algunha, aparecese collendo outro camiño e presidindo a Xunta de Liberación de siño tan contraposto ao que domiñou na xeira de Montevideo.

Atopou xustificacón tal desgosto e, a maneira de espicazón, fíxome hestoria de canto tiña acontecido dende que voltara do seu viaxe ao Plata. Dí que volveu de Montevideo co convencimento de que, o pran el feito, era a millor cousa pra chegar a un entendimento cos diferentes sectores repubricáns; mais dime, que en México atopou aberta repulsa o dito pran. (O pran consistía en facer unha asamblea de personalidás repubricáns eisladas n-América, pra concordar unha acción común sobre a base d-uns puntos básicos nos que coincidiran todol-os partidos). Engades que, aínda hoxe, sigue coitando qu-ise era o millor camiño, e que, si il acoutou o pran de constituir a Xunta de Liberación sobre a base de Partidos, foi por non querer ser austáculo pra ningunha solución que tenda a repór o réxime repubricán na Hespaña. Non deixou de decirme, tamén, que o autor do pran de constituir a Xunta de Liberación, estaba xa pesadoso d-elo. Coido que isto, —agora que Don Diego deixou de presidir a dita Xunta,— non constituíe unha incoherencia o decilo en público; denantes ben, xuzgo que até é útil polo aleucionador...

Don Diego fala do seu convencimento de que o réxime de república federal é o que millor axetaría a Hespaña e que il non se perdoa o ter transado, n-ise punto, cando se votou a Constitución do 31. Pol-a miña parte, fágolle coñecer as moitas asistencias e achegamentos que ven recibendo GALEUZCA e do favorable ambiente que atopel, en todol-os países que viña recorrendo, pra aos ideais sostidos por GALEUZCA. Tamén lle fago coñecer o pran de Santaló de xuntar n-unha conferencia en México as figuras dirixentes de GALEUZCA, a fracción catalá de Irla e a Xunta de Liberación.

O señor Martínez Barrio dime que isa xuntaza sería moi boa, mais que xa se non pode facer en México. E logo, a maneira de espicazón, fíxome o noto de impoñerme do programa d-aición que se propón desenrolar de seguida, coma consecuencia dos precipitados acontecementos que se veñen d-ando n-Europa e os que se agoran na Hespaña en virtude da liberación da Franza. Vel'eiquí o resumo do programa que me espuxo Don Diego.

Il e outros membros da Xunta de Liberación, marcharán a Franza axiña. Pol-a súa parte, xa istá xestionando os visados correspondentes. Dend-Habana irá a Veracruz, lugar da súa residencia, (Don Diego por razóns de saúde, non pode morar na cibdá de México situada a uns dous mil metros d-outura); istará alí uns días pra istar o casamento d-unha sobriña e logo irá a Nueva York onde fará certas xestións, entre as cales a de conferenzar co presidente vasco siño Aguirre. Dende Nueva York irá a Franza, cecéas sen voltar a México. Na Franza procurará unha xuntanza das Cortes e logo, si se lle confirma a súa xerarquía de presidente provisional da República, xestionará a formazón d-un organismo, —que se chamará goberno ou xunta,— no que istivesen o presidente de Euzkadi eo presidente de Cataluña e persoais de todol-os partidos repubricáns. O chegar a iste punto, encarregóume, con moi-

ta insistenza, lle díxese a Castelao que Jose axiña a Franza, qu-el o percibirían... Sen decilo, parecíume ler no seu pensamento o desexo de que Castelao integrase o dito goberno ou xunta, representando a Galiza.

Hastra é o seu programa d-aición inmediata. Despois fálome de prohomos e de feitos... cúa gravidade me impón, polo d-ago, o maior silencio. Fálome da súa anguria, do seu medo a que, a precipitación dos acontecementos, sorprendese aos repubricáns sin ter perparados os equipos pra pór en funzón rápida i efica os mecanismos do Estado. Layouse da eterna imprevisión hespañola...



D. MARTÍNEZ BARRIO

das eternas improvisacións... Díxome coma, n-ise senso, il había feito que a Xunta de Liberación formase unhas Comisións Técnicas encargadas de estudar prims pra os primeiros tempos do goberno repubricán...

Falou longamente e con fonda preocupación do témero problema da tromenta de vinganzas que teñen incubada os tráxicos sofremientos que lle impuxo ao povo hespañol a ferocidade totalitaria... Teima tristeiro e fírente pra cantos temos sensibilidade e sentimentos humanos... E sobre de todo, pra os curazóns galegos, diante da circunstancia espaventosa de que, na magoada Galiza, tudal-as partidas da tráxica contabilidade fican d-un soio lado, sen rebaixas de compensación algunha... "Tam bién en mi Sevilla la cuenta está de un solo lado", escrama con fonda margura Don Diego... "Y en Canarias y en Navarra!", proseguí dicindo, con són doirido... Dígolle que ise arropiante problema constitúe tamén torturante preocupación pra Castelao, polo que afeuta a Galiza... que ben quixera que se dese o milagre d-unha solución serea, normal, estritamente axetada a unha xustiza, non cega nin insensible, senón humanizada, comprensiva, e que, sen cair n-un impuñismo vergoñento e irritante, ollase cara a necesidá de impor a paz e a convivencia fraternas entre os fillos da mesma terra. "Hay que procurar eso, hay que procurar eso!" insiste con ansiedade Don Diego.

Logo fálome dos seus anxeos de botarse fora da política, de meterse na vida privada... da súa fálala d-ambicións... do seu desexo de non ser oustáculo pra solucións patrióticas... se ben non deixará de seguir na loita pública namentras se coide que pode ser útil a república e a Hespaña...

Xa istamos o fío do meiodía.

Xa van pra dúas horas que a amabilidade do señor Martínez Barrios me leva adicado. Ten que acudir a outra cita e despídome repetindo o encárrago de decirlle a Castelao que marche a Franza "que allí su presencia será necesaria y conveniente"...

Non máis de quince días despois fico estupefanto en Venezuela o ler na prensa de Caracas a noticia de que Martínez Barrio voltou de Nueva York a México e chamaba a xuntaza de Cortes, pra o 10 de xaneiro n-aquela cibdá...

¿Qué demos pasou no ben pequeno intre da miña conversa con Don Diego a hoxe, pra un viraxe tan en redondo e tan ausurdo no programa d-aición que me fixera coñecer? ¿Qué interferenzas houbo? ¿Qué razóns moveron a Don Diego a trocar de propósitos? —¿Quen-o fizo, novamente, desviar de camiño, pra outra vegada desembocar n-un bruideiro fracaso? ¿Quen... ou quenes...?

A famosa shakespeareana frase escramativa volve a punta da miña pruma: ¡That is the question!...

Despois do fracaso, Don Diego deixou a presidencia da Xunta de Liberación. ¿Non será que a Xunta, que tivo mala nascentza, deixou d-eistir, coma un setemesino calisquera?

Cand-un, —simpre cibdadán do montón,— olla de perto istas reviradas en prohomos que aítan de guceiros, non pode menos de ficar magoado por unha crúa e fírente deceución...

LUIS JIMÉNEZ DE ASÚA

Cali é unha cibdá colombiana que fica a veira do craro río Cauca. E' moi acolledora e con arredores moi feitosucos e belidos. ¡Lástima que as rebechas que fai pasar a Pan América aos viaxeiros, retendos alí a contrapelo pola escaseza de avións, non lles permita gozar prenamente dos engados daquela poboación.

Estando eu retido en Cali, agardando que me deran un canto nun avión, acertou a pasar por alí o ilustre penalista Luis Jiménez de Asúa. Elo me depa-rou o pracer e o desgosto de pasar unhas cantas horas na súa compañía. A verdá é que das entrevistas que tiven no meu viaxe con homes representativos, ningunha me foi tan grada no orde persoal nin de máis desgosto no orde ideolóxico, que ista con Luis Jiménez de Asúa.

No orde persoal pasei con il horas moi pracentes. Apraudino nunha brillante conferencia que ditou no teatro de Cali; e acompañeino en excursión pol-as aforas do povo: il revirando no ár con moito xeito unha rede na caza de volvoretas, ¡o seu hobby!; eu revirando os ollos na contemprazón da fermosa paisaxe que, n-algúns recunchos, me lembra ba miña adourada Galiza.

Non tudos saberán que, Luis Jiménez de Asúa, non viaxa somente na compañía de textos, de códegos, constitucións e leis, senon tamén dunha rede... E nin ben se mete nun parque ou nunha campía, calza o aparello da rede na punta do bastón e corre coma un neno tras das pollicromas e desacougadas volvoretas. ¡E ten de ollarse como rebule de ledicia cada vegada que acada unha aveleña nas mallas

da súa rede! Il dí que ten paixón polo estudo das volvoretas; que as caza por inquedanzas centricas; que ten unha grandeira coleición... A miña inxénita defianza galega, faime dubidar de tudo elo... Eu ou-serveino ben... ollei como iba pasaniña e raposeiramente achegándose as liviáns volvoretas pousadas nas ramiñas ou nas herbas; coma con soavidade i eleganza lles botaba a rede enriba... e coma, si elas fuxían, reviraba, destro e lixeiro, o aparello, deseñaba co il, no ár, complicas e retortas rúblicas de vello escribán, até que as probiñas ficaban acadarmadas na malla da súa rede impracabel... ¡Non; a mín non me amola Don Luis! Il non bule a rebule polo-os xardíns, non surda e se fadiga por mór da entemoloxía, nin por sempre afeición aos lepidópteros... ¡Non! Il é penalista; il é advogado; advogado de advogados; il é aínda máis que iso: é facedor de advogados; cadeiradego de dereito penal; mestre insine de técnicos que teñen de manexar as constitucións, os códegos e as leis, val decir: que teñen de engadellar volvoretas humanas nas mallas da xustiza... E, polo conseguinte, il percura para millor ditar as suas maxistraes leicións, istar ben destro, ben entrenado "no arte de manexar a rede", no caristioso oficio de acadarmar pillabáns, aventureiros, trapalleiros e demais cafulada que andan a revoar polos xardíns e campías do Señor... E ten de facer coa rede moitas voltas e complicas reviravoltas no ár, pra acodir máis agudamente a desembrullar aos malpocados que fican enguedeillados pol-as rúblicas revesgadas de escribáns moimantes.

Jiménez de Asúa chegou a Cali en camiño a Popayán, cibdá tamén de Colombia, na cúa universidade tiña de ditar unhas leicións. Fun con il até Popayán:



L. JIMÉNEZ DE ASÚA

e tanto no belido traieito que fixemos en ferrocarril, coma n-aquela cibdá —engado de povo colonial— pol-a que percorrimos baixo un mañiño craso de lúa, pasei na compañía de tan outo espírito, horas verdadeiramente gradas e pra mín proveitosas o escoitar seus brillantes comentarios sobre a paisaxe ou suas eruditas interpretacións do arte e ambiente d-aquela anter-

(Para a páxina 6)

Lembranzas de Viaxe...

(Ven da páxina 5)

ga e característica poboación. No orde persoal moi ben... Máis no orde ideolóxico ou político que mal o pasei sufrindo as intemperanzas e os pulos de imperialismo castelán de iste Don Luis Jiménez de Asúa... Foi camiñando polas ruas de Cali, ao voltar da súa conferencia... Faloume escandalizado do libro "SEMPRE EN GALIZA" de Castelao que acababa de ler. "¿Cómo pudo Castelao, hombre inteligente a quien tanto admiramos y queremos, —berraba Don Luis, que non decía— haber escrito ese libro separatista?" Ouserville que estaba trabucado no seu xuízo: que a tesis da obra de Castelao non é arredista; que é a de refacer o Estado hespañol sobor de base das nazonalidades, xunguidas por un pauto en réxime de República Federal.

Escoitar Don Luis a verba "federal" e alporizarse enrabechado, foi tudo un... "Eso jamás! Sistema federal en España, no. Me opondré rotundamente. Antes que una federación, prefiero la separación. España tiene un Destino Histórico (coido que o dixo así con D e H maiúsculas) que cumplir en el mundo, y no lo podrá cumplir con un régimen federal. Por eso prefiero que los pueblos de la Península, que no sientan ese Destino Histórico, se separen, amigablemente sin enconos, dejando que Castilla sola lo cumpla..."

Eu ficaba estampinado escoitando isa lingoaxe e o sñon cesarista no que era dito... "¡Destino Histórico Español..." ¡Castilla lo realizará! Non poíden menos de ter un estrevimento que lle sentou moi mal a Don Luis. Foi que lle dixeran que me desconcertaba escoitar dos seus beizos a mesma lingoaxe que estaba arreo nos discursos de Franco e nas proclamas enfáticas da Falanxe... "¡Es absurdo hablar de federación ahora que ha fracasado en todas partes!" Con los Estatutos hasta. El Estatuto "que dimos" a Cataluña es más amplio que la autonomía federal de los cantones suizos".

N-iste aspecto Don Luis é un caso perdido... o imperialista castelán rezumalle por todos os poros. ¡Qué histórico papel hubiera hecho a veira dos reises Felipe no canto d'aquí segredario homónimo meu!

A súa fobia alcontra dos dereitos das nazonalidades hespañolas, —¡il mestre esgreivo do dereito!— chega a ofuscalo e a escurcecelle o entendimento. Así foi, que me sostiña que na Galiza o primeiro Plebiscito dera resultado negativo pro Estatuto, e que se tivera que facer un segundo. D-elo tiraba il, a consecuencia de que Galiza non tiña vontade autonomista. Costoume traballo sacalo do seu erro i espricarille que na Galiza soben tes se fixera un Plebiscito e

que dera unha inorme maioría a prol do Estatuto; e que, en virtú d-elo, o Estatuto Galego fora persentado as Cortes da República e que tomara n-elas "estado parlamentario"... E tiven tamén de recordarlle que, si cabe, o Plebiscito Galego acadara maior valor e mérito que os da Cataluña i Euzcadi, posto que se fixera baixo un degredo do Goberno central que lle impuña unhas maiores trabas e máis rigurosidade que as eisixidas aos outros dous asinalados povos. ¡Qué até n-eso, a Galiza foi tratada con máis riqueza e desconsideración!

Isa inoranza, erro ou esquecemento de Jiménez Asúa é im-perdoabel en home da súa outa

nin comenente estampar eiquí outros xuízos i espresións que soltou a redor da convocatoria das Cortes...

—E pra terminiar istas longas i espesas crónicas, prémítome unhas interrogantes: Si Don Diego non tiña intención de convocar as Cortes en México; se Prieto, figura preponderante da Xunta de Liberación, non gravitou na organización da convocatoria, posto que non estaba conforme coas representacións: ¿Quén ou quénas demos andiveron nos entretelóns da desventurada convocatoria?

A respostas máis que a mín terán de lle intresar a outros... sobor de todo a certo xoven di-



O irmán Rodolfo Prada, falando no acto en lembranza de Companys, feito en México

xerarquía política e xurídica, en home que pode voltar a ter moita gravitazón no vindoiro constitucional das Hespañolas. ¡Non foron tantos os Plebiscitos feitos na Hespañola republicán, coma para Don Luis os esquecer. Soio foron tres o de Cataluña, Euzcadi e Galiza! Grave lixeira é, n-un vicepresidente das Cortes republicánas, n-un coautor da Constitución do 31, n-un ilustre belixerante no preito "unitarismo contra federalismo"...

Pedílle a Jiménez de Asúa o seu parecer sobor da xuntaza das Cortes en México e pergunteille se il asistiría. Rotundamente me dixo que a convocatoria era un desatino, que non podería reaizarse a xuntaza na data fixada, por falla de tempo pra chegaren os deputados que s-atopaban lonxe; e que, dende logo, il non maxinaba acudir... Faleille do recurso de facérense representar os deputados que non poideran chegar a temp. Contestoume que elo era unha herexia regramentaria e que non poiderían ter valimento taes representacións. Engadeu que, percisamente, Indalecio Prieto habíalle esquirto pedíndolle seu suizo sobor de ise ponto e facéndolle, ao mesmo tempo, coñecer o seu propio parecer que era contrario as representacións. "Por supuesto que yo, —dixo Jiménez de Asúa— le contesté dándole mi opinión en igual sentido". E non parés discreto

putado residente en Montevideo que moi solenemente estendeu poder notarial pra ser representado na desditosa xuntaza, xoven diputado liberal e republicán il, demócrata e home de século, que, ao igual que certos trasnoitados compatriotas de México, néganlle dereito a intervir nas tarefas políticas hespañolas aos vellos emigrados... ¡Cando eles non bailan ao sñon do pandeiro que íles tocan...!

Xogos froraes da lingua catalana en Bogotá

O CONSELLO DA GALIZA ESTABRECEU UN PREMIO

Respondendo a unha iniciativa da Comunitat Catalana d-Ar-xentina, os cataláns de Colombia orgaizaron uns maños xogos froraes pra comemorar o ano LXXXVII da súa restaurazón co centenario do nacemento do grorioso Mossén Xacinto Verdager.

A festa poética farase o domingo 6 do maio d-iste ano na cibdá de Bogotá.

O Consello da Galiza acordou estabrecer un premio de cen pesos colombianos pra o millor estudo en prosa galega, catalán ou castelán sobor do tema: "A parroquia galega como núcleo social".

Os traballos ademitense até a meio día do 31 do marzal próximo. Teñen de mandarse a nome do Segredario do Consistorio, Apartado Nacional 1481, Bogotá (Colombia), xuntamente con un sobre pechado que conteña o nome do autor e que leve fora o lema da composición.

LEONARDO PEREIRA

Encárguelle o seu traxe É BÓ XASTRE I É GALEGO

Sarmiento 1495 1er. piso U T 45-5297 Bs. Aires

DE MANUEL CELSO GARRIDO R.

O Deber de Todos...

Para A NOSA TERRA

Coido que a suspensión das sesións de Cortes en México até nova data, coa intención, entendo, de encetar conversa entre os diversos grupos que forman o republicanismo hespañol, para chegar a un mínimo de coincidencias i-arribar a unha fórmula de concordia xeral, é motivo de parabens para todos. Non podía ser d-outra laia. Dempois de tres anos de guerra e de cinco de eisilio, alporizáronse os nervos de todos, i-as aldraxes, i-os insultos, as imprecacións i-as fobias correrón dabondo entre nós. Todos puxemos da nosa parte canto pudemos para vencer aos invasores i-os traidores durante a nosa epopeia, e o ser derrotados, que non vencidos, enténdase ben, non os decatamos que ninguén de nós tivo a culpa de que Franco e comparsa se fisesen donos d-Hespañola, senón que quen unicamente a tiveron foron os exércitos i-as armas que lle mandaron Hitler, Mussolini e Oliveira Salazar, coa pasividade suicida das chamadas nacións democráticas. Esa é a verdade. Mais os homes que vivimol-o drama parece que o esquecemos d-endo o primeiro intre, e culpámonos uns aos outros da derrota con tanta saña e tanta pasión, que mesmo parece que os sentimentos de odio e de xusticia implacable que sempre debemos ter contra os verdadeiros enemigos da democracia peninsular, os torcemos de camiño e gozamos con atacarnos e desprestixarnos día a día, os mesmos que onte loitamos xuntos.

Qué quen ten a culpa d-esto? Da pena decilo, pero hai que falar outo e craro, porque o pior que lle pode pasar a un é enganarse a sí mesmo. A culpa de non chegar até hoxe a un mínimo de coincidencias que nos avencelle a todos para reconquistar unha terceira República, non é a diverxencia que eisiste entre os diversos partidos e orgaizacións, que todos teñen un denominador común democrático, ao que teñen que ser fieles. Os culpables do caos que reina son unhos cantos "mortos vivos", leaes soio o seu egoismo i-a súa egolatría, que xa perderon dúas repúblicas, e perderán unha terceira sinón se lle pon trampa no camiño da súa vaidade pra que caian e se desfagan as narices antes. Trampa ou un pau na testa, que o mesmo da. Craro que mentras viven o "amargo eisilio" poden faguer o que queiran. Alá eles coa súa responsabilidade. Cando podamos voltar a Hespañola, elí será o que un xastre tase...

Onte lín un artigo de Albornoz, que se é sinceiro no que n-il dí, parés que os "históricos" van progresando e pódose a tono

cos tempos i-as realidades. Fala de Cataluña e dí: "Muerte, es la antorcha luminosa de Cataluña. El fusilamiento de Companys no solo fué un monstruoso crimen de lesa humanidad; fué, desde el punto de vista de sus verdugos, una de las mayores torpezas políticas que registra la historia contemporánea, solo comparable, acaso, a la ejecución del duque d'Enghien, aprehendido también ilegalmente en territorio extranjero. Antes Cataluña tenía un título jurídico: el Estatuto; ahora tiene un título de insuperable valor humano: la sangre, pródiga de generosidad y de ternura, de Companys". O argumento é ben que aplique o ex Presidente do Tribunal de Garantías Constitucionales, a Galicia i-os demais povos peninsulares, porque en todos iles houbo moitos miles de mártires que estercaron a terra coa súa sangue boa e xenerosa.

E dí máis adiante: "Ya no espera a Companys como a tantos otros, la vejez helada y estéril. En la vida, tanto en la política como en la ntural, hay algo peor que morir: sobrevivir. No nos sobrevivamos nosotros, viejos republicanos de 1931, como se empeñaron en sobrevivir los hombres de 1873. Vayamos a cosas nuevas. Lo que queda a tras no son sino hitos que señalan una etapa, no por frustrada la menos cumplida, símbolos que evocan una gloriosa historia. Hay que emprender otra etapa —y esta vez decisiva—, que cumplirán si a nosotros no nos fuese dado hacerlo, los hombres nuevos que están forjándose a estas horas sabe Dios en qué presidios o en qué campos de concentración de nuestra patria. Después de experiencias tan duras y amargas, de tanto esfuerzo y de tanto dolor, la futura República (fixáivos na frase de "a futura República", que ten moita importancia, porque denota un novo estado de conciencia de que carecía hastra-aiquí), deberá ser, por su fuerte impulso de ataque, por su indestructible espíritu de resistencia, por sus vigorosos instrumentos de gobierno y por el justiciero sentido social de sus instituciones, la cristalización definitiva de la democracia española". Se nos leira o Sr. Albornoz, ou algún dos seus valedores, soio lle recomendaríamos que lle pasase o anteriormente transcripto ao seo colega de xunta Sr. Prieto, para que entr-os dous remoian ben as verbas precedentes e logo acorden coelas a súa conducta política. Total pouco lle pedimos: que poñan en práctica as súas propias teorías..., que se da "la puñeterísima casualidad" que

(Pasa a páxina 7)

CASA SIERRA

Grandes Establecimientos Funerarios

Callao 255 — Fco. Lacroze 4168 — Rivadavia 6602 Córdoba 5375

TELEFONOS: (54) Darwin 7000 - 1363 - 9000 y 1020 (38) Mayo 6056 — (63) Volta 7600

Sucursales en V. López, Olivos, Martínez y San Isidro (F.C.C.A.) (CONCESIONARIOS DO CENTRO GALEGO)

One-Eleven



EL GRAN CIGARRILLO

AMERICANO

35 cts.

Aldasoro foi agasallado

Co gallo de ausentarse a Norte América, chamado polo presidente de Vasconia, o doutor Aguirre, pra tratar asuntos relacionados coa política de Hespaña, a colonia vasca de Bós Aires, obsequiou con un banquete o doutor Ramón María de Aldasoro. Tivo lugar este no gran-

Rodríguez Castelao, o secretario do mesmo, deputado Antón Alonso Ríos e o profesor, doutor Sánchez Guisande. Aparte de estas persoas estaban, tamén, relevantes figuras do Galeguismo de Bós Aires, como Manuel Puente, Rodolfo Prada, Francisco Regueira, Antón Alonso Pérez,

breves verbas, o Dr. Aldasoro. Abundaron todos en eloxios, xustos e merecidos, pro agasallado que contestou, emocionado, agradecendo o homaxe de que era ouxeto. Os oradores tamen se referiron os postulados de Galeuzca, cuos nobres ideaes, postos en práctica, farán unha



CABECEIRA DA MESA DO BANQUETE

salón de festas de Laurak Bat. o día 4 do corrente mes, as 21 horas.

Asistio a este banquete unha concurrencia numerosa, figurando entre ela o máis destacado da coleditidade vasca de esta Capital e do interior, significando, deste xeito, a fonda estimazón que sinte por esta figura eminente da política de Euzkadi. Estaban presentes nesta festa, claro está, os representantes de Galeuzca, que tomaron asento na cabeceira da mesa o lado do homenaxeado.

Os catalás, estaban representados polo doutor Pelayo Salas, Pedro Seras e Mas Parera, e os galegos, polo presidente do Consello de Galiza, doutor Alfonso

J. R. Vázquez, J. B. Abraira, Moisés da Presa, M. García Ancerans, Miguel Alvarez, Daniel Nogueira, Domingo Maza, Alberto Prada, e outros que lamentamos non recordar.

A reunión trancurreo nun ambiente cordialísimo, amenizada por los populares e simpáticos "chistularis" e cancioes de algúns comensales cantadas a coro, que foron a ledicia da cea.

Aos postres, fixeron uso da verba o deputado, doutor José María de Lasarte, que ofreceo a demostración; o señor Joaquín de Gamboa, Vicepresidente do Laurak Bat; o Dr. A. R. Castelao, pola coleditidade galega; o señor Pedro Seras, polos catalás; pronunciando, ao final,

nova Hespaña. Todos foron aplaudidos con moito entusiasmo.

O fogar Bazterrechea - Arzadun enloitado

Morreu a filla de Bazterrechea: Lidia, unha rapaza de vinte tres anos, belida e cordial, fondamente cordial, foise. Foise para decote.

Con tanta pena recollemos esta noticia. Como sentimos a dor do noso amigo benquerido o Dr. Francisco Bazterrechea. Son



tan íntimos e tan fondos os afeitos que nos avencellan aos vascos refuxiados, cos que convivimos no desterro compartindo outros ideas patrióticos...

Alá, na serra de Córdoba, lonxe do seu amado País Vasco, apagou o sopro do destino, coa súa cega impiadade, a vida de Lidia Bazterrechea Arzadun. E con ela foise a realidade grata, xa lograda, da súa finura de alma, e a garimosa ilusión do mar. Ficou, en troques, o sombrero valeiro da ausencia e o abatimento dun fogar querido.

Que chegue a éle a nosa respetuosa simpatía e a nosa solidariedade neste intre de penosa proba.

Camisería de
mesura fina

PREZOS B6S

BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

'Los Abajo Firmantes'

Decir que a guerra d-Hespaña guiñdou a estas praias o millor e máis san da nosa Terra, parécenos unha lixeireza.

O éxodo provocado pola derrota dos repubricáns trouxo a estas terras de todo un pouco. Os bós e xenerosos, que manteñen aceso o lume sagro do ideal; os inofensivos, que collidos de pánico, fuxiron por fuxir...; e os outros — pequeno grupiño — aos cuais nos vamos a referir, persoas ás que nós os emigrados coñecemos ao través de ben intenzoados intentos á prol da cultura galega, e a quenes a coleditidade recebeu fraternalmente.

Confesamos sinceramente que tiñamos posta a nosa esperanza no seu patriotismo e capacidade de traballo para emprender labours de envergadura no seo da nosa coleditidade cara á nosa Patria e os seus problemas, e trabucámonos lastimosamente. E decimos que nos trabucamos lastimosamente, porque coidábamos como é natural, que homes que viñan de sufrir o brutal esgazamento do noso rexurdir nazonal, farían fé no desterro da manda dos nosos mártires.

Qué labours reaizaron estes homes na emigración cara á nosa Patria? Montaron un "grupiño" cafeteril para dárse mutuamente calorciño intelectual, mollando a súa pruma en canta "hespañolada" se fixo no circuíto Bos Aires - Montevideo - México - Toulouse... E Galiza? E a diñidade e a liberdade do seu povo? ¡Ah!... Todo iso fica lonxe dos seus anxeios. Todo iso xa foi superado por estes mártires dos manifestos, dos telegramas e das adhesións ás xuntas.

Cando hai que cursar un telegrama d-adhesión a algún político hespañol pol-a súa labours a prol de 'la unidad española', eles pagan relixiosamente a escote a parte que lles corresponde no custe do telegrama, e botan a súa rúbrica. Qué outra cousa poderían facer os coitados? Eles son unha nova crase: a de "LOS ABAJO FIRMANTES", e Madri terállo en conta, polo menos tal cousa pensan, porque o qué é Galiza non os necesita.

JOHAN LOURO.

O CONSELLO DA GALIZA AGASALLOU AO Dr. RAMON Ma. DE ALDASORO

O doutor Ramón M. Aldasoro, conselleiro d-Euzkadi e delegado do mesmo n-Arentina, emprendeu viaxe aéreo pra Nova York a ouxeto d-asistir a xuntanza dos membros do goberno vasco que foi convocada polo presidente Aguirre.

Co ise motivo, tan distinto dirixente vasco e membro de Galeuzca, foi ouxeto de moitos agasallos e demostracións, que puxeron de releve o outo prestixio e amplas simpatías que ten conquerdas no ambiente bonarense.

Pol-a súa parte, o Consello de Galiza presidido polo deputado señor Castelao, ofreceulle unha cea íntima o día seis do corrente, coa que quixo espresar ao Dr. Aldasoro o fondo afeuto que lle teñen os patriotas galegos ca rexa solidariedade da Galiza con Euzkadi.

Anxeamos que teña un bo viaxe, ben ditoso no orde persoal, ben froitífero no orde patriótico e de trascendentes boas consecuencias pra os outos ideaes de Galeuzca.

O DEBER DE TODOS...

(Ven da páxina 6)

son as nosas tamén o respeito.

Pero vouvos seguir copiando, porque iste artigo non ten desperdicio, abofé: "Y Cataluña tiene al gran político Companys, en quien se da una catalanidad acendrada sin exageraciones ni violencias, sin estridencias ni aspavientos; un españolismo innegable, consciente del común destino de todos los pueblos peninsulares; y el sentido verdadero de la política que le permite convertir lo que en el fondo de todo nacionalismo hay, enraizado en la tradición vernácula, de espíritu local en espíritu universalidad..."

¿Vedes niste párrafo declaradas todas as nosas aspiracións? Eu si as vexo. Xa parece que os republicanos hespañoles vanse olvidando de moitísimos prexuícios, o menos no que van escribindo dend-unhos meses a esta data. E unha boa sinal. Falando nise ton podemos entendernos, que é o que todos desexamos como primeira tarefa. Dixen os republicanos hespañoles máis arriba e dixen mal, porque debín dicir os demáis republicanos hespañoles, pois Hespaña é máis que un tópico patrioteiro:

é unha suma de povos e nacionalidades: Galicia, máis Euzkadi, máis Cataluña, máis Castela; ou somos todos hespañoles ou non somos ningún. Todos somos hespañoles en xeral, ademáis de galegos, vascos, catalans ou castelanos, pero naide o é particularmente sin os demáis. A non ser que volvamos o vello vocablo clásico d-as Hespañas.

Este i-autros entendementos hai que chegar, sin reservas mentaes de ningunha especie, antes de xuntárense os deputados en México, para chegar a un acordo formal entre todolos republicanos, e dar o mundo sensación de cordura, de lealdade e de patriotismo verdadeiro. Ao que se ve é posible. Galeuzca non debe escatimar esforzos niste senso. Fío na aitude intelixente e patriótica dos seus dirixentes máisimos: no noso gran Castelao, en Aguirre i-en Pi y Suñer. Fío en todos, porque quen teremos que entendernos será cos demáis seutores do republicanismo hespañol, tarde ou cedo. O deber de todos, coido eu, é provocalo diálogo amable e chegar a unha mesa redonda canto antes.

Fundo Bureo, Chillán, 23/1/45.

Rotisería 'El Serrano'

XAMONS - CHOURIZOS - etc., etc.

(A MANEIRA DE GALIZA)

NON ESQUEZA: BELGRANO 1949 — Tel. 47-1056

CLAUDIO FERNANDEZ
AXENCIA CENTRAL "DODGE"

AUTOMOVILES
E CAMIONS

660 - MORENO - 680
U. T. 33-6484 y 7444

752 - VICTORIA - 760
U. T. 34 Defensa 7823

CASA DURAN

• SOMBREIROS

• CAMISAS

• BONETERIA

• PANTALOS

30 Gral. Bosch 30

U. T. 22 - 4405

AVELLANEDA (PIÑEIRO)

¡Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte, ago-
(ra,
mañán... na vida e na
(mortel
R. CABANILLAS

A nosa terra

BOS AIRES, FEBREIRO DE 1945

PRINCIPIOS DO
GALEGUISMO
1 - Galicia, unidade cul-
tural.
2 - Galicia, pobo autónomo
3 - Galicia, co munitade
cooperativa.
4 - Galicia, célula de uni-
versalidades.

Un Fondo e un Perfil Galiza e Castelao

P O R
MARCIAL FERNANDEZ

Reproducimos hoxe nestas páxinas un traballo de Marcial Fernandez publicado na revista "Saudade" que se edita na cidade de México pol-os eislados galegos.

Marcial Fernandez é o líder galego do Partido Socialista Obreiro. Mentras durou a guerra contra o feixismo en Hespaña, desempeñou postos da máis outa responsabilidade, onde deixou mostras da súa retitude sen somas. En todol-os seus traballos de escritor rexo e de aguda sensibilidade, de político de acción e de home do seu pobo, óllase a súa condición de galego. Do fondo da súa alma sae un berro de fidelidade a Terra. ¡Galiza, primeiro!

Unha surrisa ancha e unha simpatía leal, de cote a frorescer na face barroca que semella mesmamente tallada en pau de buxo por un santeiro antergo, eis, no físico, arredados os anteollos foscros de carei, os riscos máis saíntes deste piñeiro pondaliano que se nomea Alfonso R. Castelao.

No espiritual, unha antítesis vivente: a paradoxa do home tipo da súa caste sempre a camiñar cos pés ben afincados no chan, e o artista — viaxeiro de infindos — co pensamento proxeitado cara o alén. Un lápis que fende dogmas, e un surrir mansueto que agasalla xerarquías. Soños e realidades misturados nun complexo humán de maravillosa intuición práctica e de compriado misticismo metafísico.

Pero, Castelao, é, por enriba de todas as cousas, unha ponla do árbore da poesía céltica, cen veces ferido pol-os coitelos do tempo e sempre rexo e vertical na súa fé. A armuñía do seu fungar atlántico non é a das frautas máxicas de Teócritos, que por disciplina i escola se propuxo arremedar moitas veces, senón a salvaxen armuñía dos bardos finisterráqueos agónicos de isolación i espranza, entreveirada de dúbidas e certidumes.

Home estrano Castelao e xente estrana a céltica: xente que propende a saudade e cré ao mesmo tempo na Santa Compañía, na sagra compañía dos mortos, que veñen pol-os vieiros do infindo, nas noites, de névoa estrelecidas de mitos, a poñerse en conta coas xentes deste mundo. Xente con ollos de neno e cabelos loiros que desleixa en surrisas acedadas as móres traxedias da vida. Xente crítica e dogmática que retruca sempre dúbidas ao que está perto, e sae, en troques, confiada e rebuldoña ao encontro do porvir.

Para que saibades como é Castelao, quérovos espreicar como é a miña caste e como é a miña terra: A miña caste é aquela que vai a misa cando escoita sinos e non sabe onde; sinos líquidos, musicas, submarinos, que tanxen a carón do curazón do planeta, no fondo da auga orixinal, a que foi co silencio no comezo e será no fin. Xente que ri bulreiramente de todo o que dí o home, porque é a única do mundo que cré todo o que lle dí o libro eterno da Natureza feita Deus.

A verba que o Xudeu escribiu na terra procura-a o celta na auga, na intimidade fluvial da súa concencia, no regato do devir interior. O Cristo escribiuna co dedo na area; pero, dispois, o vento levouna ao Océano, e veu a atopala, — facendo do bordón remo —, a Compostela, o Apóstolo Sant-Iago, gran máscara das proas galaicas, bon patrón

da nosa xente mariñeira.

Os pluraes berros do mar pagano trocáronse en vos única-mente no Atlántico, mar céltico por escelencia. I é esa vos a que canta nos carillóns do continente sumerso, é esa a que Castelao escoitou, na súa nenés, nas risoñas praias de Rianxo ou no silencio eterno da monótona Pontevedra.

Toda a filosofía de Castelao non foi endexamáis outra cousa, que unha gráfica aprendizaxe caladiña para ouvir esa vos tan chea de misterio.


Cando con intelixente escrípulo estuda as sensacións visuais, o que fai, o que procura, é de decatarse da verdade desavos que repercute no seu subconsciente. Cando nos seus deseños, cheos de orixinalidade, eisa-mina conceptos ou deseña ideas, non fai senón achegarse, alonxándose, por vieiros indereitos, ao vizoso panteísmo da súa caste.

Nen na lei formal da crítica, nen no eticismo reglamentario e clásico de Fitché podería vivir endexamáis Castelao. A súa concencia lírica desentona da súa formatura universitaria, que lle non deu nunca nen gracia nen acougo. Ese acougo i esa gracia atopouna Castelao na doutrina de Berkeley. Como o irlandés, seu irmán, o artista galego duvida da eisistencia da materia, a través de cuia tona transparente cré perceber a face do mito eterno.

Para comprender ben a Castelao compre tamén eisa-minar algunhas estampas da súa terra, i eu vouvos a mostrar esta:

Chove en Galiza. Chan e ceio figuran xunguidos pol-a auga.

Toda a terra é a cavidade dun grande e xordo corazón. As aldeas, as mesmas eirexas pardas e os mesmos cruceiros abrilantados pol-a choiva. Chove no verde mol, na terra líquida, na au-



CASTELAO, por Bigari

ga terrosa. Pasa, entre auga e auga, a vaca de sempre, o roibo picariño descorrido, a meiga esfarrapada, o indiano, — feixe de osos en roupa de lustrina —, o pequeno carro chorón... Escóitanse ao lonxe, afogados en auga, os sinos de Rianxo.

Esta terra e aquela xente, orfas dende a morte de Rosalía dun intérprete do seu, espírito, vestíronse de festa cando o médico mozo, feito en Compostela, guindou o bisturí e recadou o lápis e a pena para se trocar no artista que Galiza percibía. Até a cantora de "Follas Novas", primeiro, e até Castelao, dispois,

frorescían na terra galega literatos, pintores e deseñantes esgrevios; pero do que Galiza estaba urxida era de artistas que trocaran o oficio en misión. Isto fixo Rosalía, i isto fixo Castelao. Para eles o destino fincaba en ofrendar-lles a súa terra unha mensaxe inmorrante, mistura de carne de pobo, espírito da paisaxe e corazón de artista. En segundo termo, verbas arriscadas e liñas académicas. Primeiro que todo emoción e sentimento fundidos na dór e na tristura de Galiza.

O destino de Castelao consistiu en entregarse de cheo, aínda sen éle se decatara delo, ao seu pobo, xeito sagro da especie, e tamén con un destino que a historia lle entregou ao sair a despedida, dicíndolle: Torna con éle ou a cabalo déle. Non che importe a desfeita de hoxe; pensa sempre na vitoria do mañán.

Para levar a termo esta misión, Castelao tivo de loitar contra a falsidade dunha cultura que só insina aos homes para unha felicidade ineisistente.

A Galiza de Castelao non queima fogos de festa ao señorío do romanismo, nen peneira as esquisitices en que se desleixa a vellés do mundo romano. As súas raíces afondan máis na carne viva e dan xeito a un arte que comeza onde o románico acaba. Porque Galiza, como Irlanda e como Bretaña, todo o mundo céltico, é un mundo extraordinario cuio Deus nacional é o misterio; o misterio trocado en algo que se apalpa por onde quer, dende o tangaraño e o feitizo do neno que nasce, até o voltar da morte no seo da Santa Compañía.

Pol-a súa ascendencia céltica, Galiza procurou vacunarse, deste xeito, contra as artimañas medofantas con que o aparello relixioso occidental levou a termo a diferenciación de concencia no home. A loita entre dous abolengos, entre dúas metafísicas, a céltica e a románica, foi a que dou ao meio que amostra o arte de Castelao, un carácter esencial que se pon de manifesto na loita sen pexas entre o deforme católico e o céltico sinxelo.

O enfrontamento destas dúas tendencias, o choque, é unha das manifestacións, aínda non ben estudadas, do intré máis interesante da cultura hespañola.

Este choque somentes podía afrontalo un artista de verdade; porque somentes éle ten grandura de alma dabondo para recibir no seu peito toda a dór e toda a tristura que un intré tan intenso e fondo traí sempre apallado. E, cousa estrana: desta dór e desta tristura semellaria lóxico que ficara no espírito do artista un resentimento ou unha xenreira para a xente; pero, polo contrario, o mesmo en Rosalía que en Castelao, somentes xurde dalí unha melancónica verdade que dá ton a eisistencia, a cal, afinada até o salouco, só se atreve a froreecer nunha surrisa.

A esgrevia liberdade do artista aséntase en ser nado para decir segredos. E segredos a berros dixó sempre Castelao, con

unha rexedume somentes sosti-da co lápis espidido como unha espada, armado cabaleiro do ideal do seu país. Emporiso, este home é sen dúbida algunha, o máis representativo de Galiza de hoxe en todol-os sentidos de potencia humana compenetrada e ao servizo do seu pobo.

Pero vou xa lonxe no meu divagar, e decátome súpeto de que aínda non falei nada da calidade intrínseca do escritor e do deseñante que Alfonso Castelao leva dentro de sí. E os lectores que tiveron a paciencia de me seguir até aquí teñen dereito a que eu non deixo no misterio a miña opinión en asunto de tanta importancia.

Primeiramente, direi que para mín Castelao ten o mérito de ser, o mesmo como escritor que deseñante, un dos homes máis orixinaes de Galiza e de Hespaña. Sen estilo ao xeito da tradición literaria ao uso, e sen unha formación académica como deseñante dunha escola envellecida pol-os tópicos, soubo crearse, tanto na literatura como no deseño, un xeito propio, un pouco deslocado si se quer, pero con unha persoalidade tan forte e tan ben defenida que sería moi difícil de arremedar con fortuna.

"UN OLLO DE VIDRO", e "OS DOUS DE SEMPRE", son dous cantos ao xeito dos esperpentos; eu diría que son os primeiros esperpentos que se escribiron en Hespaña, e que perdón Don Ramón, que si ben foron aventaxados por Valle Inclán en canto a estilo, o non foron no que toca a espremer da vida ambiente de Galiza o celme do seu humor máis característico.

Polo que respeta ao deseño, e arredada a produción de circunstancias da derradeira hora, Castelao interpretou a necesidade de galega de crear os estímulos psicolóxicos que responderan ao mandato dunha ética, dunha metafísica e a unha eisixencia social e política de xeito ben diferenciado en relación coa caste céltica. Deiquí esas aparentes deformacións que semellan pasadelo e non son outra cousa que berros estridentes en procura dunha atención sostida e per cisa para pór remedio aos feitos ambientes.

Ao meu entender, o xeito máis propio de Castelao é que por moi encarautado que se poña en cada intré detrás das formas manidas da súa época, o seu arte barudo e sinxelo, é un arte de ascendencia céltica na máis trascendente das sinificacións. Un arte que descoñece as bonituras estéticas en que se resolve o decadentismo de ocidente, como así mesmo os prexuícios dun racionalismo revolucionario que coída o trunfo do tópico en perxuício da verdade e do arte mesmo.

Posibelmente, o antecedente lóxico do arte de Castelao atópase máis ben no primitivismo céltico que nas escolas, que éle non coñeceu, onde a moda pon sempre o cuño de cada intré.

O meu desexo sería seguir divagando; pero lémbrome de que somentes ofrecín ao leitor un fondo e un perfil, e ahí están.

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

CELTA

FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA